



Concello de Mazaricos

1Asunto: Convocatoria para selección de persoal para a brigada PEL CONCELLOS 2024

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Mediante Decreto con data de 19 de ABRIL de 2024, esta Alcaldía convocou un procedemento público para proceder a selección de TRES PEÓNS CONDUTORES (3) para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Resultando que de conformidade coa Base 5a que rexe o presente proceso selectivo procedeuse á publicación desta oferta no BOP nº 80 do 24 de abril de 2024 concedendo un prazo de CINCO (5) días hábiles para a presentación de solicitudes.

Visto que o prazo para a presentación de solicitudes rematou o día 04/05/2024 e que a Base 8a do proceso selectivo recolle:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditara resolución dentro dos DOUS (2) días hábiles seguintes na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na sede electrónica do Concello de Mazaricos. Concederase un prazo de DOUS (2) días hábiles para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito”.

Visto que, segundo a documentación recollida no expediente, se ten por finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o cadro de persoas admitidas é o sinalado no ANEXO I.

Pola presente, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe DEFINITIVA de persoas admitidas no citado proceso selectivo que figura como anexo a esta resolución e darlle publicidade a través da sede electrónica do concello de Mazaricos.

Segundo.- Aprobar, de conformidade coa Base 8ª, a composición do tribunal cualificador que estará composto polos seguintes membros:

- **Presidente:** José Ramón Esperante Otero, técnico de emprego municipal.
- **Secretario:** José Bugallo Rey, funcionario municipal.
- **Vogais:**
 - Domingo Caamaño Santos, encargado de obras municipal
 - Elías Pérez Trillo, enxeñeiro técnico agrícola municipal
 - José Manuel Maneiro Pereira, empregado municipal de obras.

Terceiro.- Convocar aos membros do tribunal para o día 21 de MAIO de 2024 no Salón de Plenos do Concello co propósito de valorar as probas e os méritos das persoas candidatas.



Concello de Mazaricos

ANEXO I LISTA DEFINITIVO DE PERSOAS ADMITIDAS/EXCLUIDAS NO PROCESO SELECTIVO DE TRES PEÓNS CONDUTOR (PEL CONCELLOS 2024)

Listado de solicitudes admitidas

- JOSE CARLOS ANTELO PARÍS
- MIGUEL BARRUL HERNÁNDEZ
- JAIME CIVES MOLINOS
- JESÚS EDUARDO GALLARDO SANMARTIN
- JOSE LUIS NOVO IGLESIAS
- JESÚS MANUEL VILAS TRILLO